

CARTA DE PRINCIPIOS



XESTA

ORGANIZACIÓN ANARQUISTA GALEGA






ÍNDICE

- 5 Principios Básicos**
- 7 Socialismo
- 8 Solidariedade
- 9 Liberdade
- 10 Igualdade
- 11 Lóita de Clases
- 12 Contra o Sistema de Dominación
- 14 Feminismo
- 15 Internacionalismo
- 16 Decolonialidade
- 17 Ecoloxismo
- 18 Horizonte revolucionario

- 21 Principios organizativos**
- 23 Autoxestión
- 24 Horizontalidade
- 25 Federalismo
- 26 Apoio Mutuo
- 27 Unidade teórico-ideolóxica
- 28 Unidade estratéxica e táctica
- 29 Compromiso militante
- 31 Crítica e Autocrítica
- 32 Formación política permanente

- 35** **Principios estratéxicos**
 - 37** Independencia e unidade de clase
 - 38** Acción directa
 - 39** Dualismo organizativo
 - 41** Poder Popular autoxestionario
 - 42** Independentismo
 - 44** Decrecemento
 - 45** Loita cultural
 - 46** Xeración de institucionalidade socialista libertaria
 - 47** Desenvolvemento orgánico da OAG
-

- 51** **Glosario**
- 53** Poder
- 53** Sistema de Dominación
- 54** Poder Popular
- 54** Institucionalidade
Socialista Libertaria





PRINCIPIOS BÁSICOS

SOCIALISMO

O capitalista é un Sistema de Dominación altamente xerarquizado, baseado no principio da competencia, no móbil do lucro, e na explotación do traballo alleo, que expande o seu modelo de acumulación sometendo ás persoas e ás comunidades á súa lóxica cousificadora, convertendo as relacións sociais en relacións mercantís.

Na súa expansión histórica, o sistema capitalista –que engloba ao capital e ao seu aliado necesario, o estado-nación– desposuiu a crecentes capas de poboación dos medios e bens básicos que lles permitían reproducir as súas condicións de vida e gozar dunha existencia autónoma e comunitaria, para proletarizar ás masas de campesiñas e artesás, convertíndoas en man de obra barata e desbotable no nacente sistema industrial.

A explotación capitalista prodúcese por medio da apropiación que es capitalistas fan de gran parte do froito do traballo des asalariades. É, polo tanto, un roubo. Un roubo que se produce, ademais, dentro do marco autoritario da empresa capitalista, un espazo absolutamente xerarquizado, e polo tanto hostil ao principio de liberdade e alleo a calqueira concepción da democracia. Pero a explotación capitalista opera tamén fóra do mundo do traballo, por medio de circuitos secundarios de valorización do capital, e a través de fenómenos como o rendismo, acaparando bens básicos para a reprodución da vida e converténdoos en mercadorías.

O capitalismo é un sistema nefasto non só dende unha perspectiva ética, senón tamén en termos materiais. A competencia é o modo de relación im-

perante neste sistema. Esta lóxica individualista fomenta relacións instrumentais entre as persoas, é ineficiente na xestión dos recursos, e conduce á destrución do medioambiente, ao considerar a natureza como mero recurso en disputa e a explotar. Ademais, a lóxica capitalista de crecemento continuo nun planeta finito leva, nesta fase da historia na que as principais fontes de enerxía estanse a esgotar, a un *cul-de-sac* dentro do propio sistema. A voracidade capitalista está a depredar a natureza e, con ela, as bases da súa propia reprodución material, convertendo o sistema capitalista en algo obsoleto e definitivamente inviábel.

Por todo o dito declarámonos anticapitalistas. Pero a nosa non é unha militancia meramente reactiva, de oposición ao actual Sistema de Dominación, senón que traballamos no día a día por un futuro socialista, no que o principio de competencia sexa substituído polo de cooperación; onde as relacións de dominación e a explotación económica sexan abolidas para establecer a solidariedade universal entre as persoas, as comunidades e os pobos; no que os medios de produción e os bens básicos para a reprodución da vida sexan apropiados colectivamente; no que a xestión dos recursos comúns se asente nos principios de autoxestión e democracia directa; e no que o centralismo estatal sexa substituído polas federacións de produtoras e de comunas.

SOLIDARIEDADE

Fronte á competencia como modo básico de relación entre as persoas e as organizacións na orde capitalista, nós acreditamos na xeneralización das relacións de apoio mutuo entre as persoas e os colectivos.

A solidariedade é unha forma de relación por medio da cal os individuos e os grupos se prestan axuda dun modo desinteresado e recíproco. A diferenza doutros modos de prestación de axuda, a solidariedade aséntase na igualdade -e non na xerarquía- entre as partes, e a única subxección entre elas é a que

emana dos principios éticos e non dos xurídicos. Nas relacións de solidariedade o interese común substitúe ao interese particular, pois quen presta axuda hoxe faino coa certeza de que cando o precise tamén será axudada.

Porén, para nós, a solidariedade non é un mero principio ético, é tamén unha ferramenta da loita de clases. A unión desinteresada na loita é condición de posibilidade para o proletariado combater exitosamente as dinámicas de explotación e dominación do sistema capitalista.

A solidariedade entre as persoas, as comunidades e os pobos é a base de todo sistema social xusto e sostible. Por iso a sociedade socialista libertaria pola que loitamos debe asentarse as súas estruturas económicas e sociais no principio de solidariedade universal.

LIBERDADE



O anarquismo propugna o desenvolvemento máis completo da individualidade, combinado co desenvolvemento máis alto da asociación voluntaria. Non busca impoñer a uniformidade, senón impulsar a tódolos membros da sociedade a desenvolver a libre iniciativa e a libre acción.

A ausencia de dominación é un requisito imprescindible para as persoas e comunidades poderen desenvolver estas capacidades. Porén, a autonomía individual e colectiva, entendida como a capacidade de nos dotar de obxectivos, normas e medios propios, depende non só da ausencia de coerción e do recoñecemento xurídico de dereitos, senón tamén de condicións materiais que garantan que as necesidades inmediatas estén cubertas, así como de tempo para desenvolver aquelas capacidades.

Xa que o sistema capitalista non é soamente incapaz de asegurar aquelas condicións indispensables para garantir a liberdade, senón que a súa lóxica competitiva é antitética co desenvolvemento destas, nel a liberdade é o privilexio duns poucos. É polo tanto indispensable, para estender o principio de liberdade ao conxunto da humanidade, a superación socialista deste sistema.

Pero se a liberdade sen socialismo é o privilexio, o socialismo sen liberdade é a escravitude. Toda revolución socialista que, na súa destrución da propiedade privada e do monopolio dos medios de produción e do capital, manteña intactas as estruturas centralizadoras do estado burgués, é contraria á liberdade.

En contraposición ao socialismo autoritario, o socialismo libertario defende unha organización política e económica baseada na unión libre, igualitaria e federal de persoas, asociacións e comunas, de produtoras e cooperativas.

IGUALDADE

A igualdade é a garantía de que cada ser vivo recibirá o que necesita para vivir plenamente, porque este dereito lle pertence inherentemente, polo simple feito de existir e habitar o mundo. É recoñecer que todas as persoas, e todos os seres, independentemente das súas diferenzas, teñen un valor intrínseco que merece ser respectado e protexido. Así, a igualdade non só implica proporcionar os recursos necesarios para o benestar de cada quen, senón tamén asegurar que eses recursos se distribúan de maneira xusta, sen exclusións nin privilexios. Pero a igualdade non se detén aí. Tamén é a distribución xusta de tarefas e responsabilidades dentro da comunidade. É, en esencia, unha forma de convivencia solidaria, na que ninguén queda atrás e cada acto de cooperación contribúe a unha sociedade máis equilibrada. Igualdade é, pois, a creación dun mundo onde as necesidades de todes se coidan co mesmo esmero e respecto, co obxectivo de que todas as formas de vida prosperen en harmonía.

LOITA DE CLASES



Inscribímonos na tradición histórica do movemento obreiro que, xurdido no contexto da primeira revolución industrial como corrente de oposición a un proceso xeneralizado de proletarización, dotou ao socialismo dun suxeito político co que confrontar o proxecto capitalista nun movemento de masas.

Un suxeito político, a clase obreira, que se viu desdebuxado nas últimas décadas diante de fenómenos como o xurdimento de novas relacións de produción, a complexización do mercado laboral, ou a incorporación do proletariado ao estado do Benestar e á sociedade de consumo. Un conxunto de factores que favoreceu a promoción por parte dos estados occidentais dun novo suxeito colectivo, a clase media, e a súa concomitante cultura do capitalismo popular.

O éxito social e cultural do proxecto capitalista estimulou aos seus voceiros a declarar nos estertores do século XX o fin da loita de clases e, polo tanto, da historia, á vez que emprendían o maior proceso de acumulación por desposesión dende o século XIX. Un proceso que, despois de sucesivas crises económicas, está levando á proletarización de crecentes sectores sociais que nos anos anteriores foran incorporados ás clases medias, e levando á máis extrema precariedade a capas da poboación que nunca chegaran a ser incorporadas á Sociedade do Benestar.

Diante desta situación cómpre recompoñer política e culturalmente a nosa clase para xerar un suxeito revolucionario que poida encarnar un movemento de masas no século XXI. Unha “nova clase obreira” composta a partires dos restos do naufraxio do proxecto medioclasista e da cultura do capitalismo popular, que incorpore ás asalariadas que non poden cubrir as súas necesidades básicas, ás migrantes sen dereitos, ás xubiladas empobrecidas, ás autónomas precarias, ás desempregadas de longa duración, ás familias sen teito, e demais sectores sociais empobrecidos, á loita de clases no século XXI.

O nome concreto que adopte esta conformación política é, dende a nosa perspectiva, secundario. Non importa como chamar a esta “nova clase obreira”: proletariado, precariado, as desposuídas... o importante é enmarcala dentro da longa tradición de loita do movemento obreiro, e entender que a súa composición hoxe en día é moi distinta, e moito máis complexa, que a da clase obreira dos séculos XIX e comezos do XX.

CONTRA O SISTEMA DE DOMINACIÓN

Aínda que o anarquismo naceu no seo do movemento obreiro, como corrente socialista revolucionaria e, polo tanto, en oposición frontal ao sistema capitalista, dende a perspectiva da filosofía política anarquista a noción de clase social é insuficiente para dar conta de tódalas relacións de dominación que se producen na sociedade. A explotación económica do traballo, vinculada á propiedade dos medios de produción e ao sistema de salarios, que marca a liña divisoria de clase segundo a perspectiva marxista, é un eixo fundamental, a pesares que insuficiente, para dar conta das diferentes esferas de dominación que operan nas sociedades contemporáneas.

Xunto ao modo de dominación propio do sistema capitalista –a explotación– existen outros moitos que son transversais á sociedade e, aínda que a meirande parte deles son previos ao propio sistema capitalista, este tenos integrado funcionalmente. A dominación actúa, ademais de na esfera eco-

nómica, nas esferas política e xurídica, na militar, na cultural e ideolóxica; no campo do xénero, do sexo e da raza; a través dos corpos e das mentalidades; sobre os individuos, as comunidades e as nacións; cara vidas animais non humanas e a diversidade biolóxica, etc. Estes eixos de dominación forman parte dunha totalidade, que as anarquistas identificamos como o Sistema de Dominación. Un concepto que nos permite situar as especificidades de cada un destes eixos de dominación, e comprender que non só coexisten, senón que se retroalimentan entre eles. É por iso que defendemos a imbricación das loitas contra as diferentes formas de opresión, non relegando ningunha delas a un papel secundario, pois a opresión nunca é un fenómeno illado, senón un entrelazado de experiencias que moldean as vidas das persoas. Aparte das bases materiais de dominación, é importante incorporar á análise a mentalidade dominante que a acompaña e superala construíndo unha ética e unha cultura revolucionarias. Esta orientación permítenos ter iniciativa en cada unha destas facetas, e apórtanos un marco para que as loitas poidan confluír nun paradigma común.

No capitalismo o estado é a institución central do Sistema de Dominación. O estado é unha superestrutura xerárquica, centralizadora, autoritaria e coercitiva ao servizo da clase dominante por medio da cal esta se arroga unha serie de monopolios cos que rexer a vida social dos pobos e individuos baixo o seu dominio. O monopolio da produción e execución de normas dentro do límite das relacións sociais dominantes; o monopolio da educación, coa que reproducir o sistema patriarcal e a cultura de estado e da clase dominante; o monopolio da violencia, co que reprimir ás disidencias; o monopolio da representación política, cun goberno na súa cúspide que actúa como consello de administración do público por parte da clase dominante. O estado é, ademais, o principio de delegación absoluta, que fomenta no pobo a mentalidade servil e de submisión, arredando das masas toda iniciativa na xestión do colectivo.

É por iso que a liberación das persoas e as comunidades respecto do Sistema de Dominación só é posible mediante un proceso de loita revolucionaria directa do pobo organizado contra a superestrutura estatal.

FEMINISMO

Entendemos o feminismo como unha ferramenta política transversal esencial para desnaturalizar as estruturas de poder que perpetúan a opresión. Esta perspectiva non é unha simple etiqueta, senón un principio central que guía a nosa acción e pensamento colectivo. O feminismo, tal como o concibimos, é unha ferramenta de análise, loita e metodoloxía para comprender e combater a opresión de xénero no marco das estruturas de poder materializadas na triple alianza cisheteropatriarcado-capitalismo-estado. Así, analiza as relacións sociais e as dinámicas de poder desde unha óptica crítica, recoñecendo a imbricación das opresións e permitindo cuestionar e desafiar as dinámicas de poder que operan no marco dun sistema cisheteropatriarcal, clasista, racista e capacitista, que se entrelazan e se reforzan mutuamente.

Como metodoloxía de traballo, o feminismo permítenos colocar os afectos e as relacións no centro da nosa práctica, recoñecendo a importancia de sosternos colectivamente. A interdependencia e a solidariedade son fundamentais para a nosa loita, pois entendemos que o benestar individual está intrinsecamente ligado ao benestar de todas. O feminismo que promovemos é un chamado á acción para construír espazos de confianza onde a empatía, o apoio mutuo e a cooperación sexan os alicerces da nosa comunidade, sen deslimalos dunha acción directa e estratéxica.

A partir desta comprensión, adoptamos un enfoque anarcofeminista que busca transformar as experiencias de vida das persoas. Ao cuestionar os esencialismos que reducen a complexidade da identidade humana a categorías ríxidas, promovemos un espazo onde se recoñecen as diversas expresións de ser e estar no mundo. Esta defensa da diversidade sexo-xenérica non só implica a aceptación das diferentes identidades de xénero, senón que tamén actúa como unha subversión das normas establecidas, que inclúen a cisheteronorma e a amatonorma. Estes preceptos impoñen modelos de relacións e

identidades que exclúen e desvalorizan a multitude de experiencias que existen fóra deste marco restritivo. Así, a subversión destas imposicións permite que tódalas persoas exploren a súa identidade e sexualidade de forma libre e auténtica, contribuíndo así a un mundo máis diverso e seguro.

Ao integrar o feminismo na nosa organización, abrimos as portas a un pensamento crítico e unha proposta de transformación que se nutre da diversidade e do potencial colectivo, e que invita a todas as persoas a participar activamente na construción dun presente e futuro de liberación.

INTERNACIONALISMO



A nosa solidariedade exténdese a tódalas explotadas e desherdadas do mundo, e a nosa loita diríxese contra o Sistema de Dominación no seu conxunto, alén de calqueira fronteira territorial. Esta solidariedade e esta loita requiren da coordinación de tódalas forzas socialistas e da extensión internacional da organización anarquista, pois é esta a escala na que opera o Sistema de Dominación.

Porén, non acreditamos no internacionalismo cosmopolita que entende a tódolos humanos como parte dunha única comunidade global abstracta. O internacionalismo polo que nós avogamos ten os seus alicerces nas realidades xeográficas, culturais e políticas específicas de cada territorio. É grazas á unión libre destes diferentes territorios, e do respecto das súas tradicións socialistas e libertarias, que podemos armar un movemento socialista libertario internacional.

A nosa forma de ser internacionalistas é ser galegas. O noso aporte particular ao socialismo libertario e ao movemento anarquista internacional ten que ver coa nosa propia tradición de loita, pero tamén co estudo e a posta en valor das institucións precapitalistas do país que teñen sobrevivido ata os nosos

días e que no seu xermolo levan inscritos os principios socialistas libertarios (montes en man común, concellos abertos...).

O marco de referencia para o desenvolvemento da Organización Anarquista Galega é o territorio galego, agora ben, a alianza e a coordinación coas organizacións irmás doutras nacións e doutros territorios é imprescindible para soste unha loita contra o capitalismo internacional, e para construír unha sociedade socialista libertaria.

DECOLONIALIDADE

O diálogo do anarquismo co pensamento decolonial é indispensable para avanzar no desmantelamento das estruturas de poder do Sistema de Dominación. A decolonialidade non só cuestiona a desposesión territorial e a explotación económica exercida polos estados sobre determinadas comunidades, senón tamén as xerarquías culturais, epistemolóxicas e sociais que perpetúan as diferentes opresións sobre os territorios, os saberes e as cosmovisións das periferias.

Recoñecemos e valoramos as epistemoloxías do sur como fontes lexítimas e necesarias de coñecemento, desafiando o eurocentrismo que historicamente impregnou tamén os discursos anarquistas. Esta apertura implica un diálogo crítico e horizontal coas cosmovisións indíxenas, afrodescendentes e campesinas, entendendo que estas conteñen ferramentas fundamentais para a reimaxinación dun mundo libre de dominación e explotación, onde a diversidade non sexa só tolerada, senón celebrada como parte esencial da loita e a construción colectiva.

Neste sentido, o anarquismo decolonial non só se posiciona contra o estado e o capitalismo, senón tamén contra as lóxicas coloniais de dominación cultural e epistemolóxica. Critica a idea de “universalidade” que caracteriza ao pensamento occidental. Este enfoque busca crear alianzas e respectar as

loitas locais e territoriais, recoñecendo que os modos de opresión e resistencia varían segundo os contextos.

ECOLOXISMO

O capitalismo, co seu modelo de consumo desmedido e as súas prácticas depredadoras, levou a unha explotación insostible dos recursos naturais. Este extractivismo sen límites, a contaminación e a destrución dos hábitats están producindo un quentamento global alarmante.

A crise ambiental á que nos enfrontamos non é un problema illado, senón unha cuestión intrínseca de xustiza social. Para acadar un futuro equitativo é fundamental adoptar unha perspectiva ecolóxica que integre a protección ambiental en todas as nosas estratexias. Isto implica recoñecer que loitar contra o cambio climático, a perda de biodiversidade e a degradación dos ecosistemas son tarefas urxentes que deben abordarse de forma integral, xa que afectan de forma desproporcionada ás comunidades máis vulnerables. Esta loita ten que partir da realidade de que tódalas vidas merecen respecto e consideración e que o valor dunha vida non depende da utilidade que ten para o ser humano, senón todo o contrario, os seres humanos temos unha relación de interdependencia e reciprocidade co medio e polo tanto é necesario restaurar e conservar o equilibrio dos ecosistemas, primando a vida digna (de tódalas especies) sobre as lóxicas capitalistas de produción e consumo.

HORIZONTE REVOLUCIONARIO

A Organización Anarquista Galega é unha organización revolucionaria, que loita non só pola mellora das condicións de vida da nosa clase, senón que ten como obxectivo último a abolición do Sistema de Dominación capitalista e a súa substitución por un sistema socialista libertario.

A revolución é entendida como un proceso histórico de ruptura e recomposición social, resultado da acumulación consciente de forzas populares capaces de disputar o control material, político e cultural da sociedade ao Sistema de Dominación. Este proceso non se reduce nin a un acto puntual nin á mera existencia de experiencias parciais de autoxestión, senón que require da construción sostida dun poder popular organizado, enraizado nas necesidades materiais da clase e con capacidade de intervención a escala social.

Desde esta perspectiva, a transformación revolucionaria implica unha relación dialéctica entre loita e construción: a confrontación directa co capital e co estado nas loitas de masas, e a creación progresiva de estruturas propias (económicas, sociais, culturais e políticas) que prefiguren novas relacións sociais e erosionen a lexitimidade e a funcionalidade das institucións dominantes. A prefiguración non é aquí unha fin en si mesma, senón unha ferramenta estratéxica para a acumulación de poder colectivo e a preparación dunha ruptura revolucionaria.

A hipótese revolucionaria de Xesta asume que só a través da extensión, coordinación e consolidación destas formas de autoorganización popular é posíbel xerar as condicións materiais, subxectivas e organizativas necesarias para un proceso de transformación radical, no que a desaparición do estado

e das relacións capitalistas sexa resultado da capacidade da clase organizada para asumir directamente a xestión da vida social.

En coherencia con esta concepción, e asumindo que a revolución é un proceso prolongado e non espontáneo, Xesta dótase dun programa estratéxico e dunha estrutura orgánica que permitan orientar, coordinar e fortalecer a construción do socialismo libertario na Galiza.



PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS

AUTOXESTIÓN



A definición de obxectivos propios e a implementación de estratexias e programas para acadalos de forma directa, sen intermediarios, é un dos principios que guían a nosa acción colectiva cara dentro e cara fóra da organización.

A Organización Anarquista Galega dótase das estruturas necesarias para garantir que as nosas accións colectivas derivan dos acordos estratéxicos acadados colectivamente, evitando a ditadura do inmediatismo e as dinámicas marcadas por outras organizacións ou institucións.

Un dos nosos principais obxectivos como organización anarquista é promulgar e promover nos movementos sociais e no conxunto da sociedade galega a tese da I Internacional, que afirmaba que a emancipación dos traballadores debía ser obra dos traballadores mesmos. Xa que esta tarefa de emancipación colectiva non pode ser delegada en vangardas militantes, corpos de expertos e burócratas, ou partidos xerárquicos. Un dos nosos propósitos como organización é axudar aos colectivos galegos de base a conservar esta capacidade de autodefinición e implementación de obxectivos propios e dotarse das ferramentas necesarias para levalos a cabo.

HORIZONTALIDADE

A horizontalidade é un principio fundamental da nosa organización, que rexeita as xerarquías de poder e dominación, promovendo a igualdade de condicións e a participación activa de tódalas persoas implicadas. Non obstante, recoñecemos que determinadas estruturas organizativas, baseadas no coñecemento técnico ou na operatividade, poden ser necesarias para garantir a eficacia e funcionalidade do noso traballo colectivo. Estas xerarquías, sempre temporais e subordinadas ás decisións da asemblea, existen para apoiar o desenvolvemento das accións sen crear relacións de poder nin privilexios.

Como principio, a horizontalidade concrétese a través do asemblearismo como metodoloxía de traballo. A asemblea constitúe o espazo central para formular, discutir e tomar decisións sobre as liñas estratéxicas, programas e accións a desenvolver. Non obstante, entendemos que non é o lugar onde se desenvolven as ideas ou se executan as tarefas concretas. Para iso, contamos con Grupos de Traballo específicos que, baixo o mandato e supervisión da asemblea, elaboran propostas, coordinan accións e operativizan as decisións colectivas.

O método de toma de decisións baséase na democracia directa, que é a forma política que dá soporte á autoxestión. A democracia directa implica que os procesos de decisión son horizontais, coa participación activa de tódalas persoas afectadas e en igualdade de condicións. As decisións parten da base, son discutidas e aprobadas de forma colectiva, sen delegar o poder en órganos externos.

Para garantir a coordinación entre diferentes niveis e evitar o illamento territorial ou sectorial, establecemos un sistema de representación delegada. As delegadas teñen a función de conducir os acordos tomados da base a instancias máis amplas, sen posuír ningún poder executivo nin capacidade de decisión autónoma. Estas delegacións están sempre atadas ao mandato da

base, sendo plenamente revogables en todo momento. Desta maneira, asegúrase que toda representación actúe exclusivamente como unha extensión da vontade colectiva expresada nas asembleas.

En coherencia con este modelo, empregamos o consenso como método preferente para a toma de decisións. O consenso non se limita a acadar acordos mínimos aceptables, senón que busca, a través do debate e da reflexión colectiva, afondar na teoría, fortalecer as posicións comúns e integrar as diversas perspectivas presentes na organización. Non obstante, recoñecemos que o consenso non sempre é posible en todas as situacións. Nestes casos, a convivencia co disenso convértese nun valor esencial, garantindo que as discrepancias sexan respectadas e que non bloqueen a dinámica colectiva. Este enfoque promove unha práctica política inclusiva e enriquecedora, ao tempo que asegura a continuidade e a eficacia da acción colectiva.

A horizontalidade, sustentada no asemblearismo, a democracia directa e o consenso, constitúe o alicerce da nosa organización. Este modelo organiza a acción política e a toma de decisións dun xeito que é ao mesmo tempo eficaz, participativo e coherente cos valores emancipadores que defendemos.

FEDERALISMO



Como anarquistas negamos toda organización centralizada, tanto no ámbito da vida social como no eido político e organizativo. O sistema de centralización produce a morte do espírito crítico, da iniciativa e da independencia, sometendo á submisión cega das persoas e dos colectivos a un centro dominante. Porén, a autonomía non é un principio suficiente para fundar a liberdade, xa que as individualidades e as comunidades illadas son demasiado débiles para enfrontárense á centralización dos poderes do estado e do capital. De igual modo a organización de proxectos a gran escala e a xestión de territorios amplos implica retos que soas non podemos asumir.

O federalismo é o método que permite vincular a enormes capas da poboación, dispersas tanto organizativa como terrotorialmente, nun proxecto común dunha forma democrática. Dende a escala máis pequena, o individuo, ata o conxunto da humanidade, pasando pola comunidade local e a nación. O pacto federativo permite aos individuos e ás colectividades unirse libremente para superar as súas limitacións como entes illados con acordo a unha serie de obxectivos e medios compartidos, explícitos e limitados.

O federalismo non é só o modelo organizativo que seguimos e das alianzas políticas que construír con outras organizacións irmás, senón tamén a base da sociedade que buscamos erixir.

APOIO MÚTUO

Para as anarquistas os fins determinan os medios. Neste sentido as relacións que se constrúan na nosa organización entre compañeiras deben prefigurar o tipo de relacións da sociedade futura pola que loitamos. A solidariedade universal só pode agromar da cultura solidaria que sexamos quen de construír ao interior das nosas organizacións e no seo da nosa clase.

O apoio mutuo é o medio para facer efectivo ese principio de solidariedade no día a día da nosa organización. Trátase non só de tomar como propios os problemas e as necesidades das compañeiras, e de actuar colectivamente diante das estruturas que nos oprimen e nos atomizan como clase, senón tamén de aprender unhas das outras no proceso, de modo que os coñecementos se reproduzan colectivamente e non fiquen privatizados.

Para lograr isto, é fundamental recoñecer os coidados como unha dimensión política central e como parte do traballo reprodutivo que sostén a vida e fai posible a participación nas loitas colectivas. Os coidados non son un aspecto secundario ou privado, senón un elemento esencial do proceso revolucionario, pois sen o traballo reprodutivo –incluíndo o mantemento físico,

emocional e social das persoas—, non é posible sostérmonos como clase nin construír unha sociedade nova. Este traballo, historicamente invisibilizado e feminizado, debe ser asumido como unha responsabilidade colectiva e o seu carácter explotado e desigual no marco do capitalismo patriarcal, combatido. Na nosa organización, isto implica repartir e socializar as tarefas de coidado, xerando prácticas que rompan coa división sexual do traballo e prefiguren unha sociedade onde o benestar colectivo sexa o eixo central.

O apoio mutuo non debe operar só ao interior da nosa organización, senón que debe facerse extensible a toda a clase obreira. Cómpre xerar lazos e alianzas entre distintas comunidades de loita, unidas por problemáticas semellantes, por un inimigo común, ou por pura solidariedade de clase.

UNIDADE TEÓRICO- IDEOLÓXICA



A ideoloxía é o conxunto de ideas, valores e principios que constitúen a cosmovisión dun grupo, a partir da cal interpreta o mundo. Este conxunto de valores conforman o marco de referencia sobre o que o grupo elabora unha teoría con capacidade descritiva e explicativa dos fenómenos sociais, económicos e políticos sobre os que pretende intervir colectivamente.

Dentro do campo do anarquismo existen diferentes tendencias teóricas e ideolóxicas. Todas elas son lexítimas e, dende logo, aliadas necesarias na loita contra o Sistema de Dominación e pola construción dun futuro socialista libertario. Porén, nalgunhas ocasións as diferenzas teóricas entre estas correntes producen colisións entre as anarquistas e as súas organizacións, pois unhas bases teóricas diferentes poden ocasionar discrepancia e mesmo incompatibilidades á hora de levar a cabo certas accións ou definir certos posicionamentos.

É por iso que a Organización Anarquista Galega rexeita para si o modelo sintetista de organización, que aposta pola unidade de tódalas anarquistas baixo un mesmo paraugas organizativo. No entanto sostemos que as anarquistas deben unirse organicamente en base a uns principios teóricos e estratéxicos compartidos, explícitos e ben definidos. Esta unidade teórica é a que dá sentido á vida orgánica e a que vincula ás súas militantes nunha acción común e consciente.

Os elementos teórico-ideolóxicos básicos da nosa organización, condensados nesta Carta de Principios, informan do marco de referencia que debe ser común e compartido por tódalas persoas que resolvan ser parte da Organización Anarquista Galega. Este é o único modo de dar estabilidade, coherencia e fortaleza a unha organización que se define como revolucionaria e que pretende mudar a relación de forzas vixente na sociedade galega. Declarámonos –e comprometémonos a ser coherentes con dita declaración– como unha organización feminista, antirracista, vegana, internacionalista e cun fondo sentido de clase. A unidade non anula o disenso nin a pluralidade interna, establece marcos comúns de acción colectiva.

UNIDADE ESTRATÉXICA E TÁCTICA

Como din as compañeiras da Organización Socialista Libertaria do Brasil: «Quem desdenha da teoría faz sem saber o que faz, e constantemente é usado em projetos alheios sem nem perceber», pola contra, «Quem desdenha da prática não muda nada no mundo».

É por iso que os principios teórico-estratéxicos, cerne da nosa organización, só teñen sentido en tanto se traduzan en accións concretas. Pero estas accións deben ser acordes aos liñamentos estratéxicos básicos, tamén recollidos nesta Carta de Principios.

Unha liña táctica decidida de forma colectiva e de antemán á acción pon fin ao espontaneísmo, á dispersión e desorganización que tantos anos leva acompañando ao movemento anarquista, e elude a repetición de debates de fondo diante de cada nova acción a emprender. Esta unidade evita a dispersión de liñas tácticas deseñadas por persoas ou pequenos grupos isoladamente, que poden ser contraditorias entre si e que poden desembocar en loitas intestinas, para establecer unha liña táctica xeral que permita agrupar todas esas forzas dispersas nunha única dirección, e acadar así os obxectivos marcados cun maior éxito.

Dado que a realidade social, económica e política galega non é estanca, e está en continua transformación, a nosa organización debe tamén adaptar a súa estratexia e as súas tácticas a esta realidade variable. Os nosos Congressos serán o momento no que a nosa militancia debatirá colectivamente sobre esta orientación estratéxica e táctica, sempre dentro do marco dos nosos principios. As decisións acadadas serán entón vinculantes para todas nós en períodos intercongresuais, e traducidas en programas de acción.

COMPROMISO MILITANTE



Para construíren unha forza social que opor ás dinámicas de explotación e dominación do sistema estatal-capitalista é imprescindible dotarnos dunha organización anarquista con capacidade de intervención na sociedade galega. Este tipo de organización só podemos construíla mediante o compromiso que as militantes asumamos de cara á organización e entre nós mesmas.

En primeiro lugar, e dacordo co principio de unidade teórico-ideolóxica, é preciso que as militantes da Organización Anarquista Galega compartan os principios básicos e organizativos que definen a nosa organización, e se com-

prometan co cumprimento destes e dos principios estratéxicos deseñados en base á análise de conxuntura. Esta non é unha organización que pretenda incorporar a tódalas individualidades e correntes do anarquismo galego, senón que busca a creación unha organización de tendencia, cuns alicerces teóricos sólidos e coherentes.

En segundo lugar, as integrantes da Organización Anarquista Galega deben comprometerse coa democracia interna, asumindo os posicionamentos e programas aprobados pola asemblea. Como anarquistas defendemos a pluralidade de opinións e posicionamentos, e a necesidade de ter espazos de debate onde contraponer ideas e tomar decisións colectivas. Ao mesmo tempo, e unha vez acadada unha decisión colectivamente, é imprescindible que tódalas militantes se comprometan a cumprila.

Ademais da responsabilidade para coas decisións colectivas, un adecuado funcionamento da organización require que como militantes sexamos consecuentes cos compromisos que nós mesmas asumimos de cara á organización e coas nosas compañeiras. Cando nos organizamos coas demais temos que ser consecuentes e responsábeis: implicarnos e levar a cabo aquilo que propoñemos; estarmos pendentes das necesidades das demais e cumprir aquelas tarefas coas que nos temos comprometido; e ser conscientes da nosa posición social e actuar en consecuencia para evitar reproducir roles de dominación en favor dunhas relacións recíprocas entre iguais. Ao igual que podemos ensinar podemos aprender das demais. A nosa é unha organización horizontal e, polo tanto, cada unha das nosas militantes é a cara visible da nosa organización de cara a fóra. A nosa mellor propaganda serán sempre os nosos actos tratando de ser exemplo do que pensamos e decimos.

Pero a responsabilidade non é unha cuestión que haxa que abordar só individualmente, senón tamén de forma orgánica. Para construír unhas bases fortes é preciso marcarse unhas finalidades motivantes e uns obxectivos factibles. Para que todas as persoas que forman parte da organización teñan a oportunidade de participar e facerse corresponsables é preciso que se comunique a información, as emocións e as limitacións dentro da organización.

CRÍTICA E AUTOCRÍTICA



A Crítica/Autocrítica (en adiante, C&AC) constitúe unha ferramenta esencial para o fortalecemento e a coherencia das nosas organizacións e prácticas colectivas. Como principio organizativo, promove unha cultura política baseada na confianza, a empatía e o compañeirismo, afastada das dinámicas de desconfianza, desrespeito e disputismo innecesario, sen caer na permissividade que tolera incoherencias, problemas ou actitudes antiéticas. Trátase dunha práctica que busca o equilibrio entre a firmeza na confrontación das contradicións e a vontade de construír desde o respecto mutuo e o compromiso compartido.

A C&AC supón unha retroalimentación reflexiva e consciente das condutas e actitudes, tanto individuais como colectivas, que se leva a cabo desde a honestidade e o desexo de mellorar. Non é unha simple resposta puntual ante situacións concretas, senón unha práctica que se estende no tempo, integrada no día a día da organización. Así, fomentamos unha reflexión constante que transcende o momento da retroalimentación e que nos impulsa a avanzar como persoas e como colectivo.

Esta ferramenta require dun marco común entre as súas militantes: unha análise compartida da realidade, dos sistemas de opresión que nos atravesan, un proxecto colectivo claro e un método concreto de aplicación. Sen estes elementos, a C&AC corre o risco de converterse nunha práctica baleira ou, peor aínda, nun instrumento de imposición ou exclusión. Pola contra, ben aplicada, permite identificar as dinámicas opresivas que se reproducen nas nosas prácticas, vinculándoas cos sistemas de opresión que as sustentan, co obxectivo de combatelas e superalas.

É fundamental que a C&AC non se limite á resolución de conflitos, senón que se entenda como unha ferramenta preventiva e transformadora. A súa

finalidade non é castigar, senón educar, transformar e reforzar a cohesión grupal a través dun enfoque construtivo. Partimos da premisa de que a educación debe preceder á sanción, fomentando a liberdade de pensamento e o respecto ás posicións minoritarias como principios básicos.

Para que a C&AC sexa efectiva, é imprescindible un funcionamento grupal que potencie a confianza mutua e o desexo compartido de mellora. A crítica non debe ser asumida como un ataque, senón como unha oportunidade de crecemento, tanto individual como colectivo. Deste xeito, cada crítica dirixida a unha persoa é entendida como unha interpelación ao grupo no seu conxunto, recoñecendo que as dinámicas individuais están sempre influídas polo contexto colectivo.

Polo tanto, a crítica e autocrítica é moito máis que un método; é un compromiso coa transformación radical das nosas prácticas e da nosa cultura organizativa. A través desta ferramenta, construímos un espazo no que as contradicións non son negadas ou ignoradas, senón abordadas de forma consciente e respectuosa, consolidando así o noso proxecto colectivo e fortalecendo a nosa loita.

FORMACIÓN POLÍTICA PERMANENTE

A formación política é unha condición básica para construír e manter unha organización anarquista forte, coherente e eficaz. Enténdese non como transmisión vertical de coñecementos, senón como práctica colectiva, permanente e horizontal que dota á militancia de ferramentas teóricas, estratéxicas e prácticas para interpretar a realidade, intervir nela e transformala. Sen formación, a acción tórnase rutina, voluntarismo ou simple reacción, perdendo horizonte, unidade estratéxica e capacidade de acumulación.

Ao mesmo tempo, a formación garante a horizontalidade interna ao socializar saberes e evitar que determinadas compañeiras se convertan en especialistas permanentes, xerando dependencias, liderados informais ou desigualdades de poder. Deste modo prevéñense dinámicas dirixistas e tendencias á burocratización que adoitan xurdir cando o coñecemento se concentra e non circula. Fronte a iso, a formación democratiza a capacidade de análise, decisión e iniciativa, reforzando a participación activa de todas.

A formación é tamén fundamental para a intervención nas fronteiras sociais. Capacita para ler correlacións de forza, recoñecer riscos de burocratización ou suplantación do suxeito popular e evitar seguidismos ou actitudes substitutivas, fortalecendo pola contra a autonomía popular e o protagonismo das loitas. Unha militancia formada sitúase mellor nos procesos sociais, orienta a súa acción con criterio propio e non queda absorbida por dinámicas alleas.

No marco dunha organización anarquista, formarse é parte do compromiso militante e non un complemento secundario. Implica asumir a responsabilidade colectiva de aprender, compartir coñecementos e analizar criticamente a propia práctica. É así unha esixencia ética e política que vincula fins e medios e que fortalece a cohesión interna e a eficacia externa. Só desta maneira a organización pode manter a súa autonomía política, a súa capacidade estratéxica e a coherencia entre o que persegue e o que fai. A formación e a teoría non adornan a acción, senón que a fan posible e orientan o seu sentido.

PRINCIPIOS ESTRATÉXICOS



INDEPENDENCIA E UNIDADE DE CLASE



Os intereses da clase obreira son antagónicos cos intereses da clase capitalista. A condición de existencia da segunda é a explotación económica da primeira. Esta pode fàcese ben de forma directa, pola extracción de plusvalías do traballo alleo, ou ben a través de circuitos secundarios de valorización, por medio de fenómenos como a especulación inmobiliaria e o rendismo. A explotación constitúe o único modo de acumulación de riqueza a escala capitalista. En consecuencia, a clase obreira debe actuar soa contra a clase capitalista no terreo económico. Nesta loita non pode agardar atopar ningún tipo de apoio que non proveña dos seus propios medios, da organización autónoma das súas forzas.

Pero ademais de actuar soa, se quere constituír unha forza suficiente para abolir o sistema capitalista, a clase obreira debe loitar unida. As organizacións sociais que estruturan á clase nas súas diferentes fronte de loita económica son o espazo unitario de loita dos membros da clase e das organizacións políticas anticapitalistas. É mediante a solidariedade de clase que deixamos a un lado as divisións en faccións ideolóxicas e actuamos como clase nos movementos de masas. Establecer obxectivos compartidos e programas de mínimos acordados entre os membros e as organizacións de clase, e avanzar

cara eles poñendo o traballo por diante e os diferentes saberes en común, é o modo de xerar vínculos fortes que permitan avanzar cara novos obxectivos e, en última instancia, cara o socialismo.

ACCIÓN DIRECTA

O único método para materializar o principio de independencia de clase é a acción directa, o que significa que a clase obreira, en conflito constante coa súa situación de subordinación e explotación, non confía nada aos grupos e forzas exteriores a ela, senón que xera as súas propias forzas. O principio de acción directa aplícase tanto cara a fóra como cara a dentro da nosa clase.

Cando esta expresión foi usada por vez primeira non significaba máis que o contrario da acción parlamentaria, é dicir, da acción efectuada indirectamente por medio de representantes e a través das institucións do estado, en vez de directamente polas comunidades explotadas e contra os explotadores. A lóxica que subxace a esta tese é que as institucións burguesas están deseñadas para protexer os intereses da clase dominante, evitando a confrontación directa coa súa clase antagonica, o proletariado, garantindo o seu dominio mediante tácticas conciliatorias. Así, os parlamentos non son máis que espazos de escenificación dunha falsa confrontación de clase, na que os partidos progresistas aceptan o marco da democracia liberal, actuando dentro dos límites marcados polo propio estado capitalista. O programa revolucionario de toda organización que se acredite na independencia e no antagonismo de clase debe, por conseguinte, rexeitar a lexitimidade das institucións e mecanismos burgueses de conciliación e enfrontárense de forma directa contra a clase dominante, operando dacordo ás súas propias forzas e estruturas de loita.

No entanto, a acción directa opera non só de cara a fóra da nosa clase, na loita directa contra a burguesía, senón tamén ao seu interior, rexeitando todo tipo de estratexia que desprace ás masas na dirección da acción, substituín-

doa por unha elite dirixente, por unha vangarda. Na loita de clases o protagonismo debe corresponder á clase no seu conxunto e á súa capacidade de autoorganización.

Contra a concepción mecánica e determinista da teoría da historia do marxismo máis ortodoxo, contra o representativismo parlamentario da socialdemocracia, e contra o dirixismo bolxevique, o anarquismo prescribe pasar á acción directa colectiva como único método de superación do sistema capitalista. Só a través dunha acción directa e continuada a clase obreira pode arrincar dereitos á clase dominante e, finalmente, efectuar a expropiación do capital.

DUALISMO ORGANIZATIVO



De conformidade co principio de unidade de clase, e dacordo ao noso ideario anarquista, adoptamos a estratexia da militancia dual, que consiste na participación das nosas militantes en dous niveis de organización. Por unha banda a organización especificamente anarquista (a Organización Anarquista Galega), pola outra as organizacións sociais ou de masas do país (sindicatos, asociacións veciñais, colectivos ecoloxistas, centros sociais, clubs deportivos, etc.).

Na organización específica formámonos como anarquistas, establecemos posicionamentos políticos, estratexias e programas de acción. Esta actividade está orientada, dunha banda, a incidir sobre a sociedade galega e tratar de achegar a cada vez máis galegas cara as posturas anarquistas, así como xerar un tecido institucional autónomo co que desenvolver o proxecto socialista libertario na Galiza.

Pola outra banda, e xa que para rematar co réxime de explotación capitalista faise imprescindible a loita unitaria de tódalas oprimidas polo sistema, e

non só das anarquistas, a nosa liña de traballo social encamiñase a través das diferentes fronteiras sociais e de masas do pobo galego. Nestes espazos loitamos xunto coas compañeiras doutros sectores políticos, así como con persoas alleas a toda corrente política. Nestas fronteiras de loita e organizacións de base participamos como unha máis, pero sempre sendo explícitas e transparentes respecto da nosa militancia na Organización Anarquista Galega, e sempre atentas a garantir a autonomía e a horizontalidade neses espazos, así como o liderado das clases oprimidas. É nas fronteiras de loita social onde construímos o Poder Popular autoxestionario co que abolir o sistema capitalista.

A independencia de clase non implica que como organización socialista libertaria participemos exclusivamente en espazos de loita de clases. O Sistema de Dominación xera múltiples eixos de dominación, e non só o económico. A Organización Anarquista Galega quere estar presente non só en tódalas loitas xustas que no país se dean (feministas, ecoloxistas, veciñais...) senón tamén nas estruturas populares do país (clubes deportivos, asociacións veciñais, asociacións culturais...).

Neste sentido, cómpre salientar que a nosa participación nas organizacións sociais non debe confundirse cunha vontade de dirixir ou absorber politicamente estes espazos. Como Organización Anarquista Galega entendemos que o noso papel consiste en fortalecer as dinámicas populares xa existentes, contribuíndo coa nosa experiencia organizativa, ferramentas e coñecementos, mais sempre desde o respecto á identidade, cultura e autonomía de cada espazo. Defendemos unha práctica militante que acompañe e potencie as loitas sen suplantalas, que contribúa á radicalización das propostas sen coptar os procesos. Por iso, aspiramos a ser unha parte útil dos movementos sociais, promovendo a horizontalidade, a toma colectiva de decisións e o protagonismo das persoas e comunidades implicadas, sen pretensión de subordinación ideolóxica aos principios da Organización Anarquista Galega.

PODER POPULAR AUTOXESTIONARIO



A estratexia do Poder Popular consiste na transformación da capacidade de relación das clases oprimidas en forza social. Trátase de xerar un proceso de constante acumulación de poder nos sectores sociais oprimidos, por medio da conquistas de obxectivos a curto e medio prazo, pero apuntando cara ás clases hexemónicas e ao Sistema de Dominación no seu conxunto como xénese das desigualdades sociais e, polo tanto, como obxectivo a abater.

O Poder Popular fórxase no proceso de loita, mediante a acción colectiva, a través dos erros e dos acertos, e pola capacidade de reflexión colectiva sobre os mesmos. Esta capacidade de acción e reflexión está vinculada á capacidade de autoorganización do pobo con independencia e en oposición ao estado e ás institucións burguesas.

A nosa estratexia revolucionaria baséase na participación como anarquistas nestas fronteiras de loita e organizacións de clase. Son estes movementos populares os que deben protagonizar toda loita de transformación social na Galiza, con independencia a calqueira vangarda política, quer anarquista, quer doutra tendencia.

Nesas fronteiras de loita participaremos como unha máis. Porén, temos unha responsabilidade colectiva como anarquistas, e como membros da Organización Anarquista Galega, que se concreta nunha serie de tarefas específicas:

1. Garantir o control popular, posto que os obxectivos e medios de loita deben ser establecidos polas propias participantes, con independencia a calquera vangarda, camarilla ou partido.
2. Potenciar a combatividade e a autonomía da loita, para acadar os obxectivos sociais marcados impondo a forza colectiva e non dependendo da intermediación ou asistencia de estruturas estatais.

3. Socializar as ferramentas libertarias, único garante da independencia do movemento: asemblearismo, acción directa, horizontalidade, etc.
4. Garantir nestes movementos o liderado da nosa clase e a independencia con respecto aos intereses doutras clases sociais e aos cantos de serea da paz social.
5. Pular pola conquista de obxectivos a curto e medio prazo, que melloren as vidas das persoas que loitan aquí e agora, e ensinen o valor da organización e da loita.
6. Facer pedagogía revolucionaria: Sinalar o Sistema de Dominación capitalista-estatalista-patriarcal como fonte das desigualdades sociais, da destrución da natureza e da guerra xeralizada, apuntando cara á súa abolición e substitución por un sistema socialista libertario.
7. Socializar os principios, as diagnoses e as estratexias da Organización Anarquista Galega entre as participantes nestas fronteas de loita, así como ficar atentas ás compañeiras máis afíns ao noso programa para convidalas a incorporarse á organización específica anarquista.

INDEPENDENTISMO

A independencia da Galiza é para o movemento libertario unha ferramenta de emancipación e non un fin en si mesma. Buscamos eliminar as estruturas de dominación e contrarrestar o poder estatal, avanzando cara a unha sociedade autoxestionada e libre. Desde os principios do internacionalismo, defendemos que todos os pobos sometidos a estados dispoñan das ferramentas necesarias para a súa soberanía e emancipación. Neste sentido, apoiamos todas as loitas de liberación e promovemos o apoio mutuo entre pobos.

O noso independentismo non aspira a erixir un novo estado, senón a desfacerse do control estatal que está a pór en perigo a nosa lingua, depredar o noso territorio e espoliar a nosa clase traballadora en beneficio dunha economía centralizadora e burguesa. Apostamos por un modelo de “independentismo dende abaixo”, fortalecendo institucións políticas e sociais non estatistas propias do país, como os montes en man común ou os concellos abertos, e promovendo novas formas de organización a través de proxectos educativos, xornalísticos, culturais e deportivos. Neste proceso, a “autodeterminación funcional” preséntase como unha estratexia viable: desenvolver estruturas de autogoberno e institucións propias antes de conseguir formalmente a independencia. En lugar de agardar por un recoñecemento estatal ou por condicións políticas ideais, é fundamental poñer en marcha un sistema paralelo de autoxestión en ámbitos como a educación, a economía e a política. Deste xeito, a independencia non será só unha declaración formal, senón unha realidade práctica, baseada en dinámicas sociais xa consolidadas.

Non concibimos a identidade galega como unha realidade pechada ou delimitada por fronteiras que sabemos artificiais. As identidades, tamén a de pobo, son construcións humanas e dinámicas. Con todo, iso non implica que este pobo non teña dereito á súa propia autodefensa e autogoberno. Se ben rexeitamos calquera visión esencialista que faga da identidade un dogma inmutable ou un instrumento de poder, entendemos que a existencia dunha comunidade cultural singular non só é unha realidade, senón tamén un espazo de resistencia fronte ás dinámicas homoxeneizadoras do estado e do capital. Reivindicamos entón a protección dun ethos, dun xeito de vivir, dun conxunto de vínculos sociais e culturais que definen un marco común de referencia para o pobo galego. Esta identidade non se constrúe en oposición a outras, nin busca impoñerse sobre individuos ou comunidades, senón que se basea na libre asociación e na capacidade colectiva de decidir sobre o propio futuro. Así, a nosa aposta pola autodeterminación non é unha cuestión de bandeiras ou símbolos, senón de garantir as condicións materiais e sociais que permitan á nosa comunidade existir con autonomía, en harmonía cos seus valores e coa diversidade propia e do mundo.

Deste xeito, a independencia de Galiza, entendida desde unha perspectiva libertaria, debe servir para avanzar cara á disolución das estruturas de dominación, facilitando a construción dunha sociedade nova, socialista e libertaria.

DECRECIMENTO

O capitalismo, como sistema económico baseado no crecemento continuo, é inviable nun planeta con recursos finitos. Polo tanto, marcos de referencia como “crecemento sostible” ou “transición verde”, que non impugnan a lóxica capitalista, non representan ningunha clase de alternativa á senda da autodestrución na que a civilización capitalista nos ten abocado.

Só nun sistema socialista, no que a planificación económica orientada cara o benestar xeral substitúa á selva da competencia e o lucro empresarial, é posible un modelo de produción compatible cos límites e capacidades do planeta. Mais a experiencia histórica amósanos que un réxime socialista, baseado nunha economía planificada e redistributiva, non garante necesariamente unha adecuada relación metabólica da sociedade coa natureza, se non parte dun cuestionamento radical do dogma do progreso herdado da economía política do capital.

Os beneficios que o desenvolvemento científico e tecnolóxico ten achegado á mellora das condicións de vida da nosa clase son incuestionables e irrenunciáveis. Porén, o sometemento deste progreso á forma de mercadoría e á dinámica de acumulación de capital, ou a modelos centralizadores desapegados das necesidades, capacidades e a vontade das comunidades, continúan a tensionar os límites planetarios. Cumpre polo tanto desenvolver modelos económicos autoxestionarios e formas de progreso técnico-científico desacopladas da lóxica da produción e consumo desaforado, que respondan ás necesidades das persoas e as comunidades, e non aos intereses do capital, e que sexan respectuosas co medioambiente.

Un réxime económico autoxestionario deste tipo só pode xurdir da experiencia acumulada de proxectos emancipadores apegados ao territorio. Galiza ten unha longa tradición de construción desta clase de proxectos, que van dende as cooperativas agrarias de produción do século pasado, ata os actuais grupos de consumos ou proxectos agroecolóxicos e permaculturais.

Porén esta constelación de proxectos adoeceu historicamente dunha falta de coordinación efectiva, que permitira transcender a súa condición de proxectos autónomos, para construír unha verdadeira alternativa económica autoxestionaria.

O decrecemento económico é imperativo principalmente no norte global para facilitar unha redistribución equitativa dos recursos e dos custos medioambientais. Neste marco, Xesta impónse como tarefa contribuír ao fomento, visibilización e coordinación de proxectos económicos emancipadores, nunha articulación superadora do actual estado de illamento que sente as bases para un proceso de autodeterminación funcional.

LOITA CULTURAL



Os aparatos ideolóxicos do capital e do estado reproducen a cosmovisión da clase dominante a través da propiedade monopolística dos medios de comunicación de masas e dos sistemas educativos. Estes mecanismos normalizan a desigualdade social e as relacións de produción no marco do sistema capitalista, e xustifican os sistemas de coerción estatal, á vez que debuxan horizontes aspiracionais para o conxunto do pobo que só responden aos seus intereses particulares de clase.

O socialismo libertario, para constituírense en alternativa socialista ao sistema capitalista, precisa disputar este sentido común e desenvolver teoricamente o seu modelo civilizatorio. Neste sentido a loita emancipatoria conleva non só unha confrontación coas dinámicas de dominación do sistema capitalista-patriarcal-colonial, senón tamén un traballo propositivo que debuxa horizontes de aspiración colectiva.

En primeiro lugar é preciso desenvolver o noso proxecto para unha Galiza socialista e libre de estado. Un modelo que rache cos lugares comúns e

desenvolva unha proposta de país en toda a súa complexidade, dende a súa estrutura económica e territorial, ata a súa idiosincrasia sociopolítica.

En segundo lugar é preciso levar a cabo un traballo de propaganda e axitación, mediante o cal desnaturalizar as lóxicas do estado e o capital enraizadas no sentido común de época e socializar o noso modelo de país, confrontándoo con outros modelos.

XERACIÓN DE INSTITUCIONALIDADE SOCIALISTA LIBERTARIA

O socialismo libertario, para materializarse como alternativa civilizatoria, xunto ao seu desenvolvemento teórico e cultural, precisa tamén desenvolverse práctica e materialmente. Para iso é preciso xerar de institucións que conteñan os principios do socialismo libertario e que permitan desenvolver, espallar e finalmente xeneralizar as bases da sociedade post-capitalista.

Xa existen institucións como cooperativas de produción, crédito, distribución e vivenda; de provisión de servizos de benestar (sanitarios, educativos...), etc. que teñen entre as súas funcións mellorar as nosas vidas no presente, sen agardar ao milenio revolucionario. Porén, tamén deben xerar recursos colectivos cos que estar en mellor posición para dar a batalla contra o capitalismo, así como garantir os dereitos e as necesidades básicas que o estado do benestar en descomposición está deixando de cubrir. É por iso que estas institucións en ningún caso deben ser entendidas como espazos de fuga individual ou colectiva, ou confiar en que a simple suma destes proxectos constitúa, de por si, unha alternativa emancipatoria. Así, este tecido institucional debe xurdir da estratexia da Organización Anarquista Galega e coordinarse baixo o seu

paraugas orgánico, garantindo que os diferentes proxectos respondan aos intereses colectivos, e non aos intereses particulares das súas xestoras e usuarias.

Do que se trata é de ensaiar no presente as estruturas económicas, sociais, políticas e culturais da sociedade futura, e de desenvolver as institucións e as competencias colectivas que nos permitan ir cubrindo tódalas esferas da vida social que hoxe en día son xestionadas polo mercado e o estado.

DESENVOLVEMENTO ORGÁNICO DA OAG

O xenocidio franquista, iniciado en xullo de 1936, quebrou o proxecto de contrasociedade proletaria que o anarquismo galego levaba construíndo dende finais do século XIX. Este proxecto asentaba a súa base nunha basta rede de sindicatos, escolas, xornais, cooperativas, ateneos, sociedades de inquilinas, clubs deportivos, grupos de autodefensa, e demais tecido asociativo libertario, impulsado e coordinado baixo o paraugas das federacións locais obreiras e da Confederación Rexional Galaica da CNT.

Dende a ruptura deste proxecto histórico, o anarquismo galego ficou desintegrado e sen capacidade de recompoñer a unidade teórica e de acción. A pesares dalgúns esforzos de coordinación nas últimas décadas, o certo é que a día de hoxe as forzas do anarquismo galego atópanse atomizadas en grupos e, sobre todo, individualidades dispersas polo territorio, e sen órganos de coordinación efectiva.

Se o anarquismo galego quere converterse nunha forza colectiva e desenvolver un proxecto alternativo de país, debe rachar co actual estado de fragmentación, deixar de actuar a nivel de individuos illados, e dotarse das ferramentas orgánicas precisas para levantar o proxecto socialista libertario no país.

A Organización Anarquista Galega nace co propósito de xerar unha estrutura para a autoorganización política e territorial das anarquistas galegas. Trátase de dotarnos colectivamente dunha organización anarquista con presenza en todo o país e con capacidade de facer unha diagnose e un programa que entenda Galiza como unha totalidade, e non como unha suma de sectores (laboral, cultural, vivenda, etc.) sobre os que intervir de forma illada. Unha organización con vocación de permanencia, para concentrar e dar estabilidade e orientación estratéxica ás potencias libertarias do país.

Unha organización revolucionaria para estruturar as forzas do anarquismo galego e xerar a capacidade de dar unha resposta colectiva diante das crises presentes e futuras do sistema (governos autoritarios, situación de guerra xeneralizada, colapso ecosocial, etc.) evitando a súa recomposición en termos capitalistas e contribuíndo á construción do socialismo libertario no país.

Co fin de desenvolver, estruturar e afianzar no tempo a Organización Anarquista Galega marcámonos os seguintes eixos de traballo:

1. Desenvolvemento territorial, con presenza de militantes e agrupacións locais da Organización Anarquista Galega nas cidades, nas vilas e no rural galegos.
2. Formación interna na teoría, as estratexias, a estrutura e o programa da Organización Anarquista Galega.
3. Presenza da Organización Anarquista Galega a través das súas militantes nas diferentes fronteiras de loita do país, onde socializar os seus principios e estratexias.
4. Ampliación da base militante e social da organización, integrando a tódalas galegas que compartan os principios da Organización Anarquista Galega nos diferentes graos de implicación e participación.
5. Divulgación dos principios do socialismo libertario e dos planteamentos estratéxicos da Organización Anarquista Galega entre as galegas. É imposible abolir o capitalismo sen unha socialización masiva previa nos principios socialistas libertarios.

6. Propaganda e axitación, mediante a socialización das análises e diagnoses da Organización Anarquista Galega entre a sociedade galega, así como a denuncia de situacións concretas e a mobilización para loitar contra elas nas claves teóricas da organización.
7. Xerar un voceiro co que ofrecer unha análise da realidade galega e internacional dende a perspectiva da Organización Anarquista Galega con vistas a fixar posicionamentos compartidos pola organización e dar un relato de cara á sociedade galega.
8. Desenvolvemento dun tecido institucional socialista libertario baixo o paraugas orgánico da Organización Anarquista Galega que sirva de porta de entrada á organización de capas da poboación aínda non politizadas.

GLOSARIO





PODER

Entendemos por poder a capacidade de influír, condicionar ou transformar a realidade propia e a das demais persoas, presente de maneira inherente en toda relación interpersonal e colectiva. O poder non é, polo tanto, un atributo exclusivo das institucións ou das clases dominantes, senón unha dimensión constitutiva de calquera vínculo humano: existe no coidado, na palabra, no coñecemento, no desexo e na organización. Precisamente por iso, a cuestión non é eliminar o poder das relacións, senón explicitar os seus mecanismos, consensuar as súas formas de exercicio e impedir que se cristalice en estruturas de dominación permanentes. Cando o poder non se nomea nin se regula colectivamente, tende a reproducir de maneira acrítica as xerarquías do Sistema de Dominación –de clase, de xénero, raciais, coloniais– incluso nos espazos que se pretenden emancipadores. A conciencia do poder nas relacións cotiás é, así, condición necesaria para a construción do Poder Popular e da institucionalidade socialista libertaria: só quen recoñece e traballa os poderes que atravesan os seus propios vínculos está en condicións de organizarse de maneira verdadeiramente autónoma e horizontal.

SISTEMA DE DOMINACIÓN

Chamamos Sistema de Dominación ao conxunto articulado de relacións económicas, políticas, xurídicas, culturais, simbólicas e materiais que estruturan a explotación, a opresión e a subordinación dos seres vivos, das comunidades e dos

pobos. Este sistema non se reduce a un único eixo –como a clase– senón que integra e entrelaza múltiples formas de dominación (capitalista, estatal, patriarcal, colonial, racista, capacitista, cisheteronormativa, etc.) que se reforsan mutuamente e operan como unha totalidade. O capitalismo e o estado constitúen os seus piares centrais na sociedade contemporánea, mais o Sistema de Dominación exprésase tamén nas mentalidades, nos corpos, nas normas sociais e nas prácticas cotiás. Combatelo require, polo tanto, unha estratexia integral que non fragmenta as loitas nin subordina unhas opresións a outras, senón que as entende como partes dun mesmo entramado a abolir.

PODER POPULAR

Entendemos por Poder Popular a capacidade colectiva das clases e comunidades oprimidas para organizarse, decidir e actuar de maneira autónoma sobre as súas propias vidas, en oposición e independencia respecto do estado, do capital e de calquera vangarda dirixente. O Poder Popular non é unha estrutura preexistente nin un obxectivo abstracto, senón un proceso que se constrúe na práctica da loita, a través da autoorganización, da acción directa e da acumulación de experiencias colectivas. Este poder fórxase na conquista de obxectivos concretos, no exercicio da democracia directa e na creación de vínculos solidarios, e expresa unha forma alternativa de gobernanza social baseada no protagonismo das persoas organizadas. O Poder Popular é, así, ao mesmo tempo medio e fin: instrumento de confrontación co Sistema de Dominación e xermolo da sociedade socialista libertaria que aspiramos a construír.

INSTITUCIONALIDADE SOCIALISTA LIBERTARIA

A Institucionalidade Socialista Libertaria refírese ao conxunto de estruturas sociais, econó-

micas, culturais e políticas creadas dende abaixo para satisfacer necesidades colectivas e organizar a vida fóra da lóxica do mercado e do estado. Estas institucións non son estatais nin representan unha forma encuberta de poder centralizado, senón que se basean na autoxestión, na democracia directa, no federalismo e no control popular. Cooperativas, espazos comunitarios, estruturas de coidados, proxectos educativos, redes de produción e distribución ou medios de comunicación populares forman parte desta institucionalidade, sempre que respondan a unha estratexia colectiva e non a dinámicas de autosuficiencia illada. A súa función non é substituír a loita nin adaptarse ao sistema vixente, senón prefigurar materialmente a sociedade futura, fortalecendo a autonomía popular e ampliando as capacidades colectivas para a superación do capitalismo e do estado.

